XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Edificio administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
http://mediorural.xunta.es

galicia

INSTRUCIÓNS DE ACTUACIÓN EN ZONAS INFESTADAS (CONCELLOS COMPLETOS) AFECTADAS POLA PRAGA DE CORENTENA *Tecia solanivora* OU COUZA GUATEMALTECA DA PATACA

Provincia de A Coruña: Ferrol, Narón, Neda, Valdoviño, San Sadurniño, A Capela, Fene, Mugardos, Ares, Cabanas, Ortigueira, Cariño, Mañón, As Pontes de García Rodríguez e Muxía.

Provincia de Lugo: O Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Foz, Barreiros, Ribadeo, Trabada, Lourenzá, Mondoñedo, Alfoz, O Valadouro, Ourol, Abadín, A Pastoriza, Riotorto e A Pontenova.

Colocación de trampas e polilleiros

- Poderase colocar tanto trampas como polilleiros con feromona específica de *Tecia solanivora* en parcelas e almacéns de pataca.

Plantacións

- Prohibido plantar patacas en zonas infestadas.
- Desenterrar todas as plantacións existentes e os rebrotes de anos anteriores.
- Aplicar un tratamento insecticida ó solo (Clorpirifos 1% ou 5%)

Almacéns particulares

- Limpeza e desinfección das instalacións que almacenaron patacas nos anos anteriores.
- Almacenamento de patacas de consumo en pequenas cantidades, en lugares limpos i estancos.
- Cubrición das patacas almacenadas cunha malla de 6 x 6 fíos como mínimo para impedir a posible entrada do insecto.
- Colocación dunha trampa de feromona específica para captura de adultos.

Almacéns comerciais

- Colocación dunha malla de 6 x 6 fíos en portas e fiestras. Sistema de dobre porta ou similar que protexa da entrada do insecto nos almacéns.
- Limpeza e desinfeccións dos almacéns.
- Colocación dunha trampa con feromona específica.
- Prohibición de venda e almacenaxe de pataca a granel.

Movementos de pataca

- Queda prohibida a saída de pataca das zonas infestadas.
- Os vehículos que transporten pataca con destino zona infestada deberán saír dela baleiros e limpos.
- Evitarase o tránsito de pataca en zona infestada, e de ser necesario realizarase en vehículos pechados ou cubertos con malla.
- Os tubérculos de pataca que entren en zona infestada deberán ir envasados para o consumidor final, podéndose identificar na etiquetaxe a súa procedencia.